

ARTE

# Costumes na sociedade compostelá

Os debuxos e esculturas de Francisco Vázquez 'Compostela' no Museo das Peregrinacións fan viva a memoria do ocio e traballo dos santiagueses dos anos 30

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

O goso da exposición *1935-1936. Compostela. Berros, oficios, servicios, cerimonia e sucesos*, que se exhibe no Museo das Peregrinacións, fórmalo 26 debuxos saídos da man do escultor Francisco Vázquez Díaz, alcumado *Compostela* intencionalmente para se diferenciar. As escenas descritas teñen máis de documentos de época que de verdadeiro valor artístico; son memoria viva dos nosos maiores e ensino para o resto. Estampas inéditas e algunhas únicas ó non seren plasmadas pola daquela moza fotografía ou recollidas pola prensa local.

A titulada *Sen nome* é significativa respecto disto, e é que certamente non tivo nome a ducha dispensada a un grupo de finas damas por parte do concello, e todo porque as beatas daqueles días, pertencentes á burguesía compostelá, non toleraron a retirada das aulas da imaxe de Cristo. Todas as láminas foron rigorosamente estudadas polo profesor e comisario da mostra J.M. López Vázquez, nun completo catálogo que acompaña a exposición e que contén textos de Ramón Vilares e J. Luis Ponte Domínguez, entre outros.

A escena mencionada, como as restantes, están plasmadas en toda a súa inxenuidade; son debuxos a cor, en perspectiva cabaleira, acostumando quedar enmarcadas pola nobre arquitectura granítica compostelá. Unha figuración moi estratificada característica dunha sociedade de clasista, que pivota en torno á catedral e a Universidade, pero onde hai cabida para un nutrido grupo de militares, vendedores, señoriños e pobres.

A mediados dos anos 30, o espectador mergúllase en costumes tan habituais para os momentos de lecer como a dedicada ó paseo. Significativos eran os da rúa do Vilar ou as longas fi-



Debuxo sen nome de Francisco Vázquez 'Compostela', asinado en Santiago no ano 1936

las dos seminarista que ata en momentos de relax se agrupaban por cursos e estatura.

A importancia que por entón se concedía á reforma do ensino maniféstase nos numerosos cursos impartidos en Santiago. Respira nacionalismo a arenga do profesor disertando ante a estampa titulada *Os delegados*

## Son memoria viva dos nosos maiores e ensino para o resto

do Estatuto, en plena praza do Obradoiro. No automóbil da comitiva ondean as dúas bandeiras, a española e a galega. Un feito revelador da importancia política do proceso estatutario.

Suprimido "o canto do sereno", seguía sendo habitual o voceo de mercadorías polas rúas. Nun espazo deste periódico exhibese a magnífica obra de Tito Vázquez con *O neno de O Eco de Santiago* voceando a venda do diario. As portadoras de leite ou as vendedoras de lampreas, claves para a economía do momento, caracterizábanse ben *Compostela*, pero tamén a sociedade actual soubo valorar erixindo o monumento á leiteira no paseo da Ferradura realizado polo escultor Fernando Blanco. A vestimenta clasifica e individualiza sen confusión posible a campestres e cidadáns; mesmo ata no pagamento: por troca facían os primeiros.

A mostra complétase con pezas destacadas do labor principal de *Compostela*, a súa faceta escultórica ben estudada por

Carmen Vázquez Pradera. A fauna máis estraña cativou ó artista, interesado nos animais (pelicanos, osos, iguanas, o caracol...). A súa obra distínguese de outros grandes escultores, como

## A vestimenta clasifica e individualiza sen confusión posible

Barye, no sentido de que o compostelán os humaniza describindo nos bechos expresións de tremenda humanidade.

Unha exposición digna de visita así como todo o contido do museo, que é, quizais, unha das salas menos coñecidas polos composteláns e, curiosamente, moi valorada polos visitantes.

CINE

# Resistir en Arxentina

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



## KAMCHATKA

Director: Marcelo Piñeyro  
Intérpretes: Cecilia Roth, Ricardo Darín  
País: Arxentina

O neno Harry, non se chama realmente Harry, pero debe aprender a vivir nunha familia obrigada a mudar de nome, de profesión, de lugar. Estamos na Arxentina dos anos 76, plena represión da ditadura. Unha familia de profesionais vese obrigada a agocharse do terror. Harry, o fillo máis vello, non máis de 10 anos, desde os seus ollos que observan con detemento, acompañado dun libro que lle diferenciará entre maxia e escapismo, prestaranos a mirada para ver a través do inexplicable, silencioso torturador, un país que persegue as persoas máis cultas e dinámicas da sociedade.

A nai de Harry, interpretada por unha luminosa e segura Cecilia Roth, regala tanto amor incondicional como determinación e firmeza. O seu pai, Ricardo Darín outra vez, pero o certo é que non faría, consegue humor e tempo para xogar co neno unhas partidas de estratexia na conquista de países do mundo, onde a victoria non se regala, un diamante incrustado na estrutura da narración con verdadeira pericia. O seu irmán, máis pequeño, revoltoso e impulsivo, pleno en gracia, participa inconscientemente dos traslados, do desconcerto, do temor. Harry e a súa familia perseguida quedan perfectamente definidos en *Kamchatka*, outra película arxentina con bo trazo no guión e harmonía visual ó servizo dunha historia sensible, emocionante, vital. Piñeyro, encargado pleno da obra, dirixe con ritmo adecuado, proporcional á mirada de Harry unha lentura melancólica e mesura adecuadas. Peca se cadra de presentarnos unha familia case perfecta, sen tacha, equilibrada ó máximo, tendo en conta a situación que padecen. Pero aínda así, *Kamchatka*, lugar no que se aprende a resistir, aínda que para elo haxa que ser escapista, é un filme que toca os desaparecidos na Arxentina con elegante sensibilidade.

IV CERTAME DE ARTESANÍA



ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

V PREMIO DE CREACIÓN FOTOGRÁFICA



LUIS KSADO

IV PREMIO DE LITERATURA INFANTIL



RAÍÑA LUPA

PREMIOS  
2002

Información: Departamento de Cultura da Deputación da Coruña.  
C/ Alférez Provisional, s/n. Teléfono: 981 18 33 19



XI PREMIO DE POESÍA

MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS



XIV PREMIO DE NARRATIVA

TORRENTE BALLESTER



IV PREMIO DE ENSAIO

MANUEL MURGUÍA

